

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FUNDACIÓN ISLA COUTO PARA DIFUNDIR E PRESERVAR A VIDA E OBRA DE RAMIRO ISLA COUTO

En Santiago de Compostela

REUNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don Manuel Meixide Vecino, en calidade de Presidente da Fundación Isla Couto, con CIF número G-36680437 e domicilio social na Rúa Vázquez Varela, 54-3º, 36204 Vigo (Pontevedra), que actúa no seu nome e representación en virtude do artigo 20 dos estatutos fundacionais.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política



lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego, o libro e a literatura galegas, así como promover a docencia e a investigación sobre lingua e literatura galegas. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador. Concretamente unha destas entidades é a Fundación Isla Couto que ten como obxectivos principais servir de apoio e estímulo para o desenvolvemento social e cultural de Galicia; estimular unha sociedade civil galega participativa e crítica; actuar como plataforma para o debate e a xeración de coñecemento respecto da sociedade galega e, servir como lugar de encontro e foro de debate para todos aqueles que se atopan comprometidos no labor de construír unha comunidade máis autónoma e participativa.

5. Que Ramiro Isla Couto, nado en Arnois- A Estrada, foi militante galeguista dende a fundación das Irmandades da Fala en Arxentina, Galicia, México, Colombia e Venezuela. Actuou como secretario da Fundación Penzol dende a súa constitución en 1963 e foi pioneiro da difusión do nacionalismo galego entre a comunidade emigrada na Arxentina na década de 1920 a partir da encomenda de Vicente Risco de constituír delegacións da Irmandade Nazionalista Galega no país. En 1923 fundou e dirixiu canda a Blanco Amor, *Terra*, primeira revista escrita integramente en



galego na emigración, participando en todas as iniciativas do galeguismo político en Arxentina ate o seu regreso a Galicia no ano 1931 cando participa na asemblea fundacional do partido galeguista do que foi conselleiro delegado en representación dos emigrantes e formou parte da xunta directiva do citado partido en Vigo colaborando activamente nos labores de propaganda electoral así como na campaña de referendo do Estatuto de Galicia de xuño de 1936.

6. Que Ramiro Isla Couto, tralo golpe de estado de 1936, foi detido en Verín e trasladado a Vigo, unha vez liberado, traballou dende Portugal canda o médico galeguista Ramón Obella, colaborando na saída cara ao exilio de galeguistas fuxidos de Galicia. Posteriormente estableceuse en Francia, onde prestou servizos á República ata o final da guerra civil e, como delegado da Sociedades Hispánicas Confederadas organizou canda a Florencio Delgado Gurriarán a saída para América de centos de galegos que estaban internados en campos de concentración franceses. En 1939, exiliouse en México, para volver definitivamente a Galicia en 1956. Dende o seu retorno ata o seu falecemento no ano 1987 en Vigo continuou o seu labor cultural e político dende a Editorial Galaxia e a Fundación Penzol, á que lle fixo valiosas achegas bibliográficas.

7. Que esta fundación, foi declarada Fundación Cultural Privada por Orde do 30 de xuño do 1989 e declarada Fundación de Interese Galego por Orde do 1 de xullo do 1989 (DOG nº 152 de 9 de agosto do 1989) que ten como obxectivo fundamental manter viva a memoria do labor da familia Isla Couto a prol do desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

8. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao amparo do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Isla Couto, referente único e exclusivo en Galicia sobre Ramiro Isla Couto e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

9. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Isla Couto, que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua e



a cultura galegas, manifestan a súa vontade de colaborar mediante a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2022 centrado na difusión da biografía e protagonismo político e cultural de Ramiro Isla Couto no galeguismo do século XX que tivo continuidade xeracional no seu irmán máis novo, Xaime Isla Couto .

Este convenio rexerese polas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Isla Couto para colaborar na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer con rigor intelectual a figura, o pensamento e a memoria de Ramiro Isla Couto, así como no estudo e divulgación da súa obra.

Segunda.- Obrigas da Fundación Isla Couto

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Isla Couto comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- Edición dun libro colectivo sobre Xaime Isla Couto sobre a súa biografía e obra
- Edición do epistolario inédito entre Ramiro e Xaime Isla Couto: transcripción e edición de 51 cartas enviadas entre 1928 e 1957. Estas cartas permiten coñecer a formación no galeguismo de Xaime Isla, desenvolvida polo seu irmán Ramiro dende Arxentina fundamentalmente e, tamén permite coñecer o labor de proselitismo galeguista levado a cabo por Ramiro Isla entre a comunidade galega arxentina e, desvela moitos aspectos relativos á súa biografía e pensamento ate agora inéditos
- Posta en valor e difusión pública do Fondo Ramiro Isla Couto custodiado no Arquivo da Fundación Isla Couto integrado por fotografías, correspondencia e



documentación vinculada á historia do galeguismo e da emigración. Realizarán as seguintes accións:

- a) Unidade didáctica en formato dixital sobre a vida e obra de Ramiro Isla Couto
- b) Conferencias na Estrada, Vigo e Santiago de Compostela sobre a biografía de Ramiro Isla Couto
- c) Envío ao concello de Ferrol dunha copia do álbum de fotografías de Ferrol dos anos 1920-1921 conservado no arquivo da fundación
- d) Participación nas actividades conmemorativas dos centenarios da revista *Terra*, Día das Letras Galegas.....

A Fundación Isla Couto comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase, e a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A Fundación Isla Couto encargarse de levar a cabo todos os traballos de recompilación de obras e textos, estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra, e aqueloutros que sexan necesarios para promover, preservar e divulgar a súa obra.



A Fundación encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Fondos documentais da Fundación Ramiro Isla Couto

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais da fundación que pasen a constituír a biblioteca e arquivo poderán ser accesibles de maneira gratuíta, a estudosos e investigadores da obra de Ramiro Isla Couto, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Cuarta.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **7.500,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **6.500,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 10.50.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para



o ano 2022.

- A Fundación achegará a cantidade restante de **1.000,00 €** para a realización das actividades previstas.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Fundación presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2022, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.



A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade reserva para si o dereito de solicitar canta documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.



Sétima.- Utilización da Lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.



Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Isla Couto. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin



indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu



artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O Presidente da Fundación Isla Couto

Román Rodríguez González

Manuel Meixide Vecino

